

Fondo solidario de libros de texto e axudas de material para o curso 2024 - 2025

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Do 21 de maio ao 21 de xuño de 2024.

SOLICITUDES: presentaranse preferiblemente por vía electrónica, ou no centro. O modelo [ED330B](#) (Anexos I e II) pode descargarse na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#).

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud: modelo ED330B (Anexo I) debidamente cumprimentada e ASINADA polo pai, nai ou titor/a da/o alumna/o.
- ANEXO II (Comprobación dos datos dos membros computables da unidade familiar) ASINADO por todos.
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e demais membros da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Volante de convivencia dos membros da unidade familiar .
- Certificado de discapacidade de calquera membro da unidade familiar se NON o expediou a Administración Autonómica.
- Documentación acreditativa de Violencia de Xénero (se é o caso).

MOI IMPORTANTE: A situación persoal, familiar e económica é a que se reflicte a **31 de decembro de 2022**, a excepción dunha sentenza de separación ou divorcio posterior que determine a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras ou nos casos de violencia de xénero, ou falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.

NON se RECOLLERÁ ningunha SOLICITUDE INCOMPLETA.

PUBLICACIÓNS:

- Publicación listaxes provisionais: 10 de xullo de 2024
- Reclamacións 11 e 12 de xullo de 2024
- Publicación listaxes definitivas: 16 de xullo de 2024

ENTREGA DE VALES para axuda de material: A partir do 3 de setembro.